

MANUAL DE USO:

“Os días D e as semanas S”

(proxecto baseado en
filosofía REA e DUA)



Autor: Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)

**Mestre en Educación Primaria e licenciado en Filosofía e Ciencias da
Educación pola UNED**

CEIP O PIÑEIRIÑO (Vilagarcía de Arousa)

Materia ou materias e cursos a que se dirixe

As secuencias didácticas que forman parte de este proxecto teñen un carácter claramente interdisciplinar aínda que na programación as poidamos orientar ao currículo de **4º de Primaria** nas materias de **Ciencias sociais, Lingua galega e literatura e Valores sociais e cívicos**. Pode utilizarse igualmente en 5º e 6º de primaria e incluso en 1º e 2º da ESO.

As secuencias seguirán as directrices do DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) relacionado de forma directa cos **recursos de aprendizaxe en aberto** (REA) e que implica a **acesibilidade universal á educación**.

A **lingua** das secuencias e ODEs independentes será en **galego** segundo dispón o *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Estrutura da secuencia didáctica:

Cada secuencia didáctica terá a seguinte estrutura:


- **0.- Folla de ruta** o que realizaremos na secuencia



- 1.- **Caderno de traballo:** Teoría sobre o **significado** da conmemoración, a historia da prensa no mundo, principais xornais en Galicia e España, os xéneros xornalísticos, as *Fake News* e como evitar difundir bulos. Conta con pictogramas e actividades sinxelas de comprensión do aprendido...



- **2.- Glosario:** Vocabulario traballado na secuencia didáctica cunha breve definición adaptada á idade dos alumnos.



- **3.- Proposta de actividades colaborativas ou cooperativas:** non necesariamente dixitais.



- 4.- Webquest ou Miniquest sobre a conmemoración.



- 5.- Propostas de traballo con **dispositivos móbiles** ou emprego de ferramentas e técnicas de **metodoloxías emerxentes**. Teñen cabida igualmente propostas de ludificación.



- **6.- Recopilación e clasificación doutros materiais dixitais con licenza libre para traballar esta conmemoración** dando especial atención aos publicados no repositorio de contidos do espazoAbalar. Evitáronse todos aqueles que baseados en tecnoloxías obsoletas como flash ou java



- **7.- Avaliación da secuencia didáctica:** Inclúe criterios de avaliación, instrumentos e rúbricas creadas ad hoc.

Avaliamos o traballo en grupo						Profesor:	Alumno:	10
Indicadores de avaliación	Excelente 4	Ben 3	Satisfactorio 2	Insatisfactorio 1	Observacións	Puntos		
Traballo cos compañeiros	Escolta, comparte e apoia o traballo de outros. Trata de manter a unión dos membros.	Usualmente escolta, comparte e apoia o traballo de outros. Non causa problemas ao grupo.	A veces escolta, comparte e apoia o traballo de outros. Pero a veces non é bo membro do grupo.	Raramente escolta, comparte e apoia o traballo de outros. Non é bo membro do grupo.		?		
Actitude cara o traballo	Sempre ten unha actitude positiva cara o traballo.	Case sempre ten unha actitude positiva cara o traballo.	Algúns veces ten unha actitude positiva cara o traballo.	Ten unha actitude negativa cara o traballo.		?		
Clima de traballo	O clima de traballo foi o axeitado. Existiu bastante intercambio de información no grupo.	A posta en común foi algo insuficiente pero o clima foi o axeitado.	A posta en común foi significativamente insuficiente.	Non houbo intercambio de información e posta en común no grupo.		?		
Elaboración das tarefas	As tarefas realizadas foron interesantes e orixinais.	As tarefas axustáronse ao solicitado pero con escaso grado de orixinalidade.	Insuficiente grado de elaboración das tarefas.	Nulo ou escaso grado de elaboración das tarefas.		?		

- **8.- Documentos:** No apartado final integramos na secuencia os seguintes documentos: a guía didáctica, o manual de uso, os documentos técnicos en galego e castelán e un documento onde referenciamos a multimedia empregada.



Como funciona o caderno de traballo

O caderno de traballo (apartado2) é un libro en html5 no que atoparás unha estrutura que de seguro che resultará coñecida.



- 1.- **Título do caderno:** Aparecerá en todas as páxinas do libro. Aliñado á esquerda.
- 2.- **Subtítulo:** Tamén aparece en todas as páxinas. Aliñado á dereita e cun tamaño de texto menor que o título.
- 3.- **Texto encabezado da páxina:** Texto encabezado dunha páxina concreta. Só aparece nesa páxina.
- 4.- **Barra de progreso:** De xeito visual dinos que porcentaxe do caderno levamos visto e canto nos falta.
- 5.- **Ocultar/Desocultar a botoneira:** Oculta e desoculta os botóns do menú da dereita.
- 6.- **Acceder a unha das páxinas do menú.** Atallo para acceder a unha páxina concreta que inicia un dos apartados principais do caderno.

7.- Poñer en modo pantalla completa: Veremos o libro ocupando toda a pantalla.

8.- Información da actividade do alumno: Podemos ver o progreso do alumno no libro en canto ás actividades interactivas realizadas. As que non son interactivas non se puntúan. O informe pódese imprimir.

9.- Despregar/Ocultar o menú que aparece á esquerda cos atallos.

10.- Documento coa multimedia: Clicando neste botón ábrese un arquivo en pdf coa multimedia empregada no libro debidamente referenciada en canto a autoría, repositorio onde se aloxa ou licenza de uso que posúe. Temos que ter instalado no ordenador un visor de pdf (por exemplo o *Acrobat Reader*).

11.- Número da páxina actual.


12.- Páxina anterior: Volta á páxina anterior do libro.

13.- Páxina seguinte: Para ir á páxina seguinte.

14.- Zona de traballo onde realizamos a actividade: pode ser de arrastrar, escribir...

15.- Botón de verificación: Para comprobar se a actividade interactiva está realizada correctamente.

Todas as secuencias contarán igualmente con **textos con pictogramas** para nenos con trastornos do espectro autista.



No libro de traballo de cada secuencia didáctica configuramos todas as **posibilidades de accesibilidade** que a ferramenta de autor nos permite como son:

- **Texto alternativo en todas as imaxes** e videos para os nenos con discapacidade visual que utilicen lectores de pantallas como JAWS ou NVDA,
- Posibilidade de **activar skins con maior contraste** para os botóns do libro (hai botón en css para cambialos polos base)..
- Incluiremos **sons** pero só naquelas páxinas nas que sexa pertinente. Igualmente sons de acerto ou erro en todas as páxinas interactivas. Así, o alumnado poderá acceder a cada un dos contidos en diferentes formatos (visual, auditivo...).
- Texto alternativo **avisando** das **páxinas** que se abran en **nova ventá**...

Mellora da convivencia nos nosos centros

Nesta secuencia didáctica traballaremos entre outros os seguintes **valores** que **mellorarán** sen dúbida **a convivencia nos nosos centros**:

- Manter unha actitude aberta e crítica ante as novas dos medios de comunicación de masas.
- Promover a cultura de coidado e respecto polo medio ambiente.
- Respetar a historia e cultura propia.

Avaliación

Realizaremos o proceso avaliativo en **tres momentos**:

Unha **avaliación inicial** ou **diagnóstica** cando iniciemos a aplicación de cada Secuencia Didáctica onde os docentes e o propio alumnado deberemos determinar o grado de coñecementos sobre o tema cos que contamos previamente, as falsas crenzas, prexuizos, e as posibles eivas técnicas ou conceptuais para a realización da secuencia.

Avaliación continua de *carácter formativo* durante as sesións precisas, na que revisaremos como evoluciona o traballo, se se cumpren os obxectivos ou deben ser revisados ou rectificadados.

Unha **avaliación final** ao remate da secuencia didáctica, a partir da cal extraeremos conclusións prácticas de cara a posteriores temáticas a traballar (se é efectivo este xeito de traballo, que tipo de contidos funcionaron mellor, os agrupamentos, os espazos utilizados, os medios técnicos, como foi a motivación, os resultados acadados axustáronse ou non ás expectativas...).

Atenderemos especialmente os seguintes CRITERIOS na avaliación:

- Grado de coñecemento acadado por parte dos alumnos e alumnas nos temas traballados.
- Grado de implicación dos alumnos e alumnas nas tarefas propostas (tanto individuais como grupais).
- Incidencia do uso das TIC e TAC na práctica docente.
- Atención aos intereses e motivacións dos alumnos.

Instrumentos de avaliación:

No caderno de traballo hai páxinas interactivas que se avalían de xeito automático así como noutros tipos de recursos: Xogos interactivos, brincaletras, Escape Room...

En moitas outras actividades amosamos **rúbricas** para que de xeito individual ou grupal avalíedes o voso progreso. Esta avaliación tamén pode ser realizada polo mestre.

Avaliamos o traballo en grupo

Profesor: _____
 Alumno: _____

Indicadores de avaliación	Excelente 4 🌟	Ben 3 🌟	Satisfactorio 2 🌟	Insatisfactorio 1 🌟	Observacións	Puntos
Traballo nas compañerías	Escucha, comparte e apoia o traballo de outros. Trata de manter a unión das compañerías.	Usualmente escucha, comparte e apoia o traballo de outros. Non copia problemas ao grupo.	A veces escucha, comparte e apoia o traballo de outros. Pero a veces non é así traballo do grupo.	Escasamente escucha, comparte e apoia o traballo de outros. Non é un membro do grupo.		?
Actitude cara o traballo	Sempre ten unha actitude positiva cara o traballo.	Come sempre ten unha actitude positiva cara o traballo.	A algunhas veces ten unha actitude positiva cara o traballo.	Non ten unha actitude positiva cara o traballo.		?
Clima de traballo	O clima de traballo é o mellor. Existe bastante intercambio de información no grupo.	A posta en común é algo insuficiente pero o clima é o mellor.	A posta en común é significativamente insuficiente.	Non hai intercambio de información e posta en común no grupo.		?
Elaboración das tarefas	As tarefas realizadas foron interesantes e vividas.	As tarefas realizadas foron vividas pero con pouco esforzo de esforzo.	Non hai un gran esforzo de elaboración das tarefas.	Non se realizou ningún esforzo de elaboración das tarefas.		?

Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)